

1. Relaciona as capas da atmosfera coas súas características:

Contacto directo coa superficie do noso planeta. Onde se producen os fenómenos meteorolóxicos.

Nesta capa atópase o gas ozono.

É a capa máis fría da atmosfera.

Ten as temperaturas máis altas da atmosfera.

Exténdese ata o espazo exterior.

TERMOSFERA
MESOSFERA
EXOSFERA
TROPOSFERA
ESTRATOSFERA

2. Sinala os enunciados verdadeiros:

O tempo atmosférico é o estado da atmosfera nun lugar determinado, nun momento ou en períodos de tempo moi curtos (horas, días ou poucas semanas).

A metereoloxía é o tempo que predomina nun lugar determinado ao longo de moitos anos, durante as diferentes estacións.

As precipitacións son a cantidade de chuvia, neve ou sarabia que cae nunha zona.

A humidade é a cantidade de vapor de auga que se atopa no aire.

Cando unha masa de aire se quenta cos raios do sol, baixa a súa temperatura e descende.

A presión atmosférica é o peso da columna de aire enriba dun punto determinado.

3. Completa:

A é a altura que hai entre un punto do planeta e o nivel do mar. Normalmente cada, a temperatura descende un grao centígrado. O mar quécese e arrefríase máis..... que a Terra. As zonas de montaña adoitan ter temperaturas máis e precipitacións que as zonas de chaira.

4. Relaciona cada concepto co seu instrumento de medida:

Temperatura

Cantidad de chuva

Humidade

Dirección do vento

Velocidade do vento

Presión atmosférica

anemómetro

termómetro

viraventos

pluviómetro

barómetro

higrómetro

5. Completa as seguintes oracións.

- a) A zona de clima é a que está situada entre os círculos polares e os polos.
- b) A zona de clima está situada entre os Trópicos de Cáncer e Capricornio.
- c) A zona de clima está situada entre os círculos polares e trópicos, é dicir, atópase nos dous hemisferios.
- d) Para a descrición das zonas climáticas, téñense en conta a e a incidencia dos

6. Escolle a palabra correcta en cada oración:

- Os subtipos de clima da zona cálida son o ecuatorial, e desértico.
- Os principais tipos de clima da zona temperada son o mediterráneo, o e o continental.
- Os tipos de clima da zona fría son o polar e o de
- Os raios solares chegan máis perpendiculares á zona
- Na zona de clima frío apenas existe
- Na zona de clima existen grandes contrastes de temperaturas ao longo do ano, distinguíndose claramente unha estación cálida, outra fría e dúas de transición.

7. Escribe a que tipo de clima se refire cada descripción:

.....: Invernos suaves e veráns cálidos e secos. As precipitacións non son moi abundantes e concéntranse nas estacións da primavera e do outono.

.....: caracterízase por ter temperaturas cálidas durante todo o ano (a media anual é superior a 27 °C) e precipitacións abundantes. Ex: selva amazónica e en África central.

.....: ten temperaturas medias superiores aos 18 °C, os invernos son suaves e os veráns calorosos. Prodúcese os monzóns. Hai varios subtipos: tropical, sabana e monzónico.

.....: Os veráns son suaves e os invernos non moi fríos. As precipitacións son abundantes todo o ano. Ex: fachada atlántica de Portugal, España e Francia... Clima característico de Galicia.

.....: este clima podémolo atopar nas zonas elevadas das grandes cordilleiras do planeta. As temperaturas son frías e existe unha elevada humidade. Os invernos son moi fríos e longos, e os veráns frescos e curtos. As precipitacións adoitan ser en forma de neve e van desde o outono ata a primavera. É típico do norte de Europa.

.....: caracterízase por ser propio dos círculos polares, cunha temperatura media anual inferior aos 0 °C e con precipitacións escasas en forma de neve. Ex: Antártida ou montañas de Alaska.

.....: Son zonas pouco húmidas e con temperaturas extremas: invernos fríos e veráns cálidos. As precipitacións son escasas e concéntranse en determinadas estacións.

.....: Temperaturas extremas, moi frías pola noite e moi altas durante o día. Precipitacións escasas. Ao norte e ao sur dos trópicos. Ex: do Sahara, de Arabia, do Gobi ou o do Kalahari.

8. Relaciona:

Indica o frío ou calor que hai no aire. A unidade de medida son os graos centígrados e o instrumento para facelo é o termómetro.

Son a cantidade de chuva, neve ou sarabia que cae nunha zona.

É a cantidade de vapor de auga que se atopa no aire.

É o aire en movemento. Cando unha masa de aire se quenta cos raios do sol, aumenta a súa temperatura e elévase.

É o peso da columna de aire enriba dun punto determinado.

humidade


temperatura

presión
atmosférica

precipitacións

vento

9. Responde:



Mes máis chuvioso:

Mes menos chuvioso:

Mes coa temperatura máis alta:

Mes coa temperatura máis baixa:

10. Completa:

A diferenza entre a temperatura media do mes máis cálido e a do mes máis frío é

.....

A suma da temperatura dos 12 meses do ano e dividida entre 12, é

.....